

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 4/2021

SESION ORDINARIA DO 28 DE ABRIL DE 2021

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. **Actas anteriores:** ordinaria do 31 de marzo de 2021.

Declaracións institucionais.

2. Declaración institucional 8 de abril 2021, Día Internacional do Pobo Xitano, procedendo a súa lectura D^a Ana León Borja. Rexistro Pleno 2880/1101.

Ditames das comisións informativas:

MEDIO AMBIENTE, CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE, PARQUES, FESTAS, TURISMO E DEPORTES

3. Aprobación definitiva da Ordenanza Municipal Reguladora do uso e desfrute dos areas do termo municipal de Vigo. Expte. 14674/306 (Rexistro Pleno 2899/1101)

URBANISMO

4. Aprobación inicial do Instrumento de Ordenación Provisional no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 Calvario. Expte. 17165/411 (Rexistro Pleno 2900/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

5. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 1º trimestre do ano 2021. Expte. 24258/541 (Rexistro Pleno 2896/1101)

Mocións resolutivas.

6. Moción do concelleiro membro non adscrito, pola recuperación do sistema sanitario público. Rexistro Pleno 2907/1101.
7. Moción do grupo municipal Mixto, promovida pola Asociación “Jubilación anticipada sin penalizar” ASJUBI40 para a modificación da Lei Xeral de

Seguridade Social en materia de xubilación anticipada. Registro Pleno 2853/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a implantar, de forma inmediata, nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2909/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro e a cesión ao Concello da Parcela 5 do complexo hospitalario para a construción dun aparcadoiro gratuito. Rexistro Pleno 2910/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a xestionar, de xeito coordinado coa cidade de Vigo, os Fondos Europeos que perciba a través do Goberno do Estado e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2911/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Autoridade Portuaria a situar como obxectivo prioritario do DEUP e do Plan Especial do Porto a transformación do fronte de Beiramar para conquistar a integración do Porto e a cidade, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2912/1101.

PARTE DE CONTROL

12. Dar conta de Resolucións da Alcaldía do 18.03 ao 18.04.21. Expte. 1010/1102 (Rexistro Pleno 2897/1101).
13. Dar conta de Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as do 18.03 ao 18.04.21. Expte. 1011/1102 (Rexistro Pleno 2898/1101).
14. Dar conta do acordo da XGL, de data 25.03.21, referente á modificación do nomeamento de representantes da Corporación na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Expte. 979/1102 (Rexistro Pleno 2903/1101)
15. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, de data 16.04.21, de modificación da estrutura das Áreas de Goberno e de modificación das delegacións de competencias nos concelleiros/as delegados/as de Área. Expte. 598/1102 (Rexistro Pleno 2904/1101).
16. Dar conta do acordo da XGL, de data 22.04.21, de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delgados de Área e nos demais delegados de competencias. Expte. 601/1102 (Rexistro Pleno 2905/1101).

Mocións de control.

17. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno local a elaborar unha estratexia cultural 2021-2023 co obxectivo de dotar a Vigo dunha ampla e accesible oferta cultural e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2908/1101.

18. Formulación de rogos.

19. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
Aguiar Castro Yolanda (T)
Aneiros Pereira Jaime (P)
Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)
Caride Estévez María José (P)
Espinosa Mangana Elena (P)
Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)
Fernández Pérez José Manuel (T)
Gómez Díaz Gorka(P)
Iglesias González Ana Laura (T)
Lago Barreiro María del Carmen (T)
López Font Carlos (P)
Losada Alvarez Abel Fermín (T)
Mejías Sacaluga Ana Maria (T)
Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)
Rivas González Ángel (T)
Rodríguez Calviño Patricia (T)
Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)
Rodríguez Rodríguez Nuria (T)
Silva Rego M^a Carmen (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (T)
González Castillo Jesús Marco (T)
López Román Patricia (T)
Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)
Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as nove horas e oito minutos do día vinte e oito de abril do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abél Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. Jose Riesgo Boluda, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión ORDINARIA conforme Resolución de convocatoria de data 23 de abril.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(63). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 31 DE MARZO DE 2021.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do 31 de marzo de 2021

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(64). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE ABRIL 2021, DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO, PROCEDENDO A SÚA LECTURA D^a ANA LEÓN BORJA. REXISTRO PLENO 2880/1101.

ANTECEDENTES.- Con data do 8.04.21, entra no Rexistro Xeral do Pleno co núm. 2880/1101, escrito da Fundación Secretariado Xitano de Galicia, coa seguinte declaración,

PRESIDENCIA: Vai ler a declaración institucional a concelleira de Medio Ambiente e vida saudable, Sra. Rodríguez Rodríguez,

“Declaración institucional 8 de abril 2021
Día Internacional do Pobo Xitano

Celebramos un ano máis o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Unha celebración marcada este ano polo 50^o aniversario do 1o Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres, no que se adoptaron os símbolos propios do Pobo Xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella, e o himno Gelem, Gelem.

En España tivemos que esperar moitos anos para avanzar no recoñecemento institucional. A pedimento do Congreso dos Deputados, o Goberno de España recoñeceu en 2018 o 8 de abril como Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e o himno xitanos. Afortunadamente cada vez máis institucións e persoas súmanse ano a ano a esta celebración nun xesto simbólico de recoñecemento a unha identidade cultural e a unha historia e cultura apenas coñecida pola maioría da nosa sociedade. Unha historia de resistencia marcada polas persecucións, o rexeitamento e a discriminación, pero tamén por xitanos e xitanas que contribuíron desde distintos ámbitos ao desenvolvemento cultural, artístico, social e económico do noso país.

Un motivo de celebración é que por fin veremos a historia e a cultura do Pobo Xitano nas escolas, como parte do currículo educativo. A nova Lei de Educación,

aínda que tarde, vén reparar dalgunha maneira unha inxustiza secular: a invisibilidade do Pobo Xitano na traxectoria histórica do noso país.

Esta celebración do 50º aniversario chega tras máis dun ano de pandemia, e este Día do Pobo Xitano queremos que sexa tamén unha sentida homenaxe para todas aquelas persoas que perdemos neste último ano, moi especialmente unha homenaxe ás persoas xitanas maiores, pilar fundamental das familias, homes e mulleres de respecto, que souberon transmitir ás distintas xeracións os valores e o orgullo da identidade gitana.

Pero a crise sanitaria que vivimos neste último ano non só levouse a moitos dos nosos seres máis queridos, senón que trouxo consigo un agravamento das condicións sociais e económicas para aquelas familias xitanas que xa estaban en situación de pobreza e exclusión social. Impediúlles gañarse a vida a través da venda ambulante ou víronse expulsados dun mercado laboral que viven desde a precariedade. O alumnado gitano, xa por detrás da media, viuse en gran medida relegado pola dixitalización do ensino. A crise foi especialmente dura para quen aínda viven en asentamentos e barrios moi vulnerables. E non podemos esquecer que o rexeitamento e a discriminación, e especialmente o discurso de odio en redes, cebouse coa comunidade gitana durante a pandemia, sinalándoa moitas veces como foco de transmisión ou como non cumpridora das normas.

E é que nisto pouco cambiaron as cousas, a pesar dos avances, os xitanos e xitanas seguen estando por detrás e a gran distancia do resto da sociedade no goce de dereitos fundamentais como o emprego decente, educación de calidade, unha vivenda digna ou o dereito á non discriminación.

O recoñecemento institucional do Pobo Xitano, pero tamén a garantía da igualdade de oportunidades e de trato para os xitanos e xitanas, debe ser un compromiso efectivo dos poderes públicos na celebración deste 50º aniversario da instauración do Día do Pobo Xitano. Un compromiso que, nesta etapa de reconstrución e recuperación do país tras a crise provocada polo Coronavirus, debe traducirse en medidas concretas para reducir a desigualdade, loitar contra a discriminación, e avanzar en dereitos e cidadanía do Pobo Xitano. Non esperemos outros 50 anos para reparar esta inxustiza histórica.

Abril, 2021.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.(65). APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14674/306 (REXISTRO PLENO 2899/1101)

ANTECEDENTES: Con data 14.04.21, o xefe de Medio Ambiente e a concelleira da Área, emiten o seguinte informe proposta.

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En sesión ordinaria do 09.09.2020, o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO», abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2. A tal efecto, publicouse anuncio oficial no BOP nº 231, do 30.11.2020, e no portal web municipal. Durante o período de información pública, presentáronse cinco (5) alegacións, segundo resulta da certificación expedida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local en data 12.04.2020. As cinco serán obxecto de análise e valoración neste informe-proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RC).
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (LEG).
- Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a Xestión da Calidade das Augas de Baño.
- Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

III. INFORME DAS ALEGACIÓNS

III.1. ALEGACIÓN Nº 1:

ALEGANTE: PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

DATA REXISTRO: 14.12.2020.

Nº DOC.: 200261544

CONTIDO E VALORACIÓN:

- As consideracións contidas no documento nº 200261544 son reprodución das incluídas no documento nº 200122962, presentadas en data 09.07.2020 polo citado alegante e que xa foron incorporadas ao texto que foi obxecto de aprobación inicial polo Pleno do Concello de Vigo en data 09.09.2020.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, a alegación presentada o 14.12.2020 polo Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (nº de doc. 200261544).

III.2. ALEGACIÓN Nº 2-3:

ALEGANTE: J. A. M. C. E OUTROS

DATA REXISTRO: 17.12.2020.

Nº DOC.: 200264605-200264606

CONTIDO E VALORACIÓN:

- Alégase que a tramitación seguida polo Concello está incurso en nulidade de pleno dereito por canto ningunha das alegacións formuladas no trámite de consulta previa foi tomada en consideración no informe-proposta.

Discrúpase desta afirmación en base aos seguintes argumentos:

A xurisprudencia xa ten declarado que as opinións expresadas no trámite de consulta previa non teñen que ser necesariamente atendidas pola Administración, nin sequera contestadas formalmente. O seu único obxectivo consiste en recadar a opinión da cidadanía en relación á oportunidade dunha norma, os problemas que pretende solucionar e as posibles solucións alternativas.

Neste senso se pronuncian as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León do 14 de xuño do 2018 e do 13 de xullo de 2020 ao manifestar que o trámite de consulta pública regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), é so «receptor de opinións e non de reclamacións de obrigada resolución».

Nesta mesma liña se pronuncia a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía do 5 de novembro do 2020.

- Non existe fundamento legal que xustifique a incorporación da proposta de ordenanza fora do prazo establecido no documento de directrices ao Plan Anual Normativo.

Discrúpase desta afirmación en base ós seguintes argumentos:

A xustificación da non inclusión da Ordenanza no Plan anual normativo do ano 2020 e as razóns que motivan a necesidade da tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias atópanse claramente expostas no informe emitido polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 17.02.2020, así como no informe proposta para a apertura do trámite de consulta pública previa emitido en data 24.02.2020.

En todo caso, e polo que se refire aos posibles efectos xurídicos da non inclusión da Ordenanza no Plan anual normativo correspondente, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares de data 30.11.2020 é clara ao manifestar que «A previsión normativa de iniciativas regulamentarias prevista no artigo 132 constitúe un avance importante no proceso de modernización e racionalización da actividade administrativa normativa. Pero non pode aceptarse que por non ter efectuado dita previsión anual, ou simplemente non ter incluído unha determinada materia nese plan anual, quede un Concello impedido de regular durante esa anualidade calquera materia sobre as que tivera competencia, porque iso equivalería a coartar ou limitar o seu ámbito de autonomía local e a súa potestade regulamentaria nas materias sobre as que a lei lles atribúe dita competencia».

- *Que se incorporen ao expediente 14674/306 os informes e consultas citados nos apartados 1.5, 1.6, 1.7 dos Feitos-Antecedentes, no apartado III.4, e todos cantos se citan e referencian no informe-proposta da ordenanza.*

Consta incorporado ao expediente administrativo o informe citado no apartado 1.5 do informe-proposta de aprobación inicial da Ordenanza mencionado polo alegante (informe emitido en data 07.07.2020 polo equipo técnico-xurídico da oficina de Desenvolvemento Urbanístico), o informe citado no apartado 1.6 (informe remitido pola Directora Adxunta do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, doc. Nº 200122962), e o citado no apartado 1.7 (informe remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, doc. Nº 200130752).

Polo que se refire ao contido do apartado III.4 do mencionado informe-proposta relativo á remisión da proposta do proxecto de Ordenanza aos distintos servizos técnicos e xurídicos municipais e ás concellerías implicadas, a fin de que estudasen o texto do proxecto e formulasen as observacións que estimasen oportunas, cómpre manifestar que non consta a emisión de informe algún polos mencionados servizos e concellerías.

- *Alega que a regulación proposta no que se refire á presenza de animais nos areais xera dúbidas, contradicións e con iso indefensión e inseguridade xurídica para os cidadáns afectados pola norma.*

Non se comparte dita afirmación en base ós seguintes argumentos:

O artigo 13.1 do texto que foi obxecto de aprobación inicial polo Pleno do Concello de Vigo en data 09.09.2020 é claro e conciso no que se refire a presenza de animais nos areais: No que se refire a permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areais o texto remítese ao establecido na Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, quedando terminantemente prohibido a presenza doutros animais nos areais durante todo o ano.

- *Alega que a remisión que fai o artigo 13.1 do texto proposto á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo -a cal ampara que a autoridade municipal determine areais como zonas de espaxamento canino- vulnera o disposto no artigo 1 do mesmo por canto conculca de xeito permanente os dereitos dos residentes colindantes aos areais acoutados como espaxamento canino, propoñendo unha nova redacción do citado artigo 13.1.*

Discrépase desta afirmación en base ós seguintes argumentos:

Non existe a vulneración alegada por canto á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo aprobada polo Pleno do Concello o 16.02.2000, modificada por acordo do Pleno en sesión ordinaria do 26.07.2017 (BOP nº 94 do 18.05.2017)(en adiante, OMPTA) é unha norma plenamente vixente e, como xa se pronunciou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa recente Sentenza de data 29.01.2021, respectuosa coa normativa sectorial.

De conformidade co anteriormente exposto, considerase acertado e axustado a dereito o contido e redacción do artigo 13.1 da Ordenanza.

- Que a Disposición Derrogatoria conteña de forma expresa a derogación da designación dos areas de Foz e Calzoa como praias de espaxemento canino sen límite de temporada e horario, acordada en execución da modificación da Ordenanza para protección e tenencia de animais do Concello de Vigo.

A alegación debe der desestimada en base aos seguintes argumentos:

Como xa se ten dito, considérase acertada e axustada a dereito a remisión que fai o artigo 13.1 do texto que foi obxecto de aprobación inicial polo Pleno á OMPTA, disposición xeral vixente que ampara a posibilidade de que a autoridade municipal delimite areas como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

En coherencia coa remisión anteriormente mencionada, non é obxecto da Ordenanza a cuestión relativa á delimitación concreta de ditas zonas de espaxemento canino e, polo tanto, non é cuestionable neste procedemento os actos administrativos concretos relativos a dita delimitación.

- O alegante da por reproducidas as consideracións efectuadas no trámite de consulta pública (doc. Nº 200104850), as cales se refiren ao tránsito de mascotas polos areas.

Danse aquí integramente por reproducidos os argumentos contidos na contestación das dúas alegacións anteriores.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, a alegación presentada o 17.12.2020 por J.A.M.C. e outros (doc. nº 200264605-200264606).

III.3. ALEGACIÓN Nº 4:

ALEGANTE: C.L.P. (FEDERACIÓN ECOLOXISTAS EN ACCIÓN)

DATA REXISTRO: 18.12.2020.

Nº DOC.: 200265843

CONTIDO E VALORACIÓN:

- Rectificación da decisión de nomear o areal da Calzoa e a Foz do Lagares como espazo de espaxemento canino, en coherencia cos obxectivos e motivos da creación desta ordenanza, como garantía de protección do ecosistema costeiro e como protección da salubridade e seguridade dos/as usuarios/as deste ben público.

- Inclusión na ordenanza da prohibición xeral da presenza de animais nos areais durante todo o ano, agás naqueles designados para tal fin.

- Cese da agresiva actividade á que está sometido o areal da Calzoa, producindo unha gravísima compactación das marxes dunares consecuencia do paso da maquinaria pesada de limpeza. As dimensións deste areal fan que a súa limpeza sexa compatible mediante métodos máis respectuosos cos ecosistemas dunares e intermareales.

A alegación debe der desestimada en base ós seguintes argumentos:

A presenza de animais nos areais regúlase no artigo 13.1 da Ordenanza: No que se refire a permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areais o texto remítese ao establecido na Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, quedando terminantemente prohibido a presenza doutros animais nos areais durante todo o ano.

Como xa se manifestou con anterioridade, considérase acertada e axustada a dereito a remisión que fai o artigo 13.1 do texto que foi obxecto de aprobación inicial polo Pleno á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, disposición xeral vixente que recolle unha relación exhaustiva das obrigas dos propietarios ou posuidores dos cans e que, así mesmo, ampara a posibilidade de que a autoridade municipal delimite areais como zona de espaxamento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

De conformidade co anteriormente exposto, non é obxecto da Ordenanza a cuestión relativa á delimitación concreta de ditas zonas de espaxamento canino e, polo tanto, non é cuestionable neste procedemento os actos administrativos concretos relativos a dita delimitación.

Polo que se refire a limpeza dos areais, o art. 10.2 da Ordenanza xa establece como criterio xeral -e polo tanto aplicable a todos os areais- que a limpeza dos mesmos realízase do xeito que sexa máis adecuado ás características de cada unha das praias, recolléndose no apartado d) do mencionado artigo que «Naquelas zonas onde existan sistemas dunares en calquera estadio de conservación protexidas mediante un peche, deberá respectarse unha distancia de protección suficiente na limpeza mecánica».

- O alegante da por reproducidas as consideracións efectuadas no trámite de consulta pública (doc. Nº 200104850) nas que realiza unha serie de consideracións ambientais a ter en conta cando se tomen decisións como habilitar unha praia como canina.

Danse aquí integramente por reproducidos os argumentos contidos na contestación da alegación anterior relativos á regulación que realiza a Ordenanza en relación a presenza de animais nos areais.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, a alegación presentada o 18.12.2020 por C.L.P. (FEDERACIÓN ECOLOXISTAS EN ACCIÓN)(doc. nº 200265843).

III.4. ALEGACIÓN Nº 5:

ALEGANTE: A. P. C. E OUTROS

DATA REXISTRO: 25.12.2020.

Nº DOC.: 200274780

CONTIDO E VALORACIÓN:

- Solicitan a revogación da decisión de nomear como espazo de espaxemento canino a praia da Calzoa e Foz do río Lagares por canto dita decisión incumpre a premisa de “respectar en calquera caso o dereito que tamén teñen outros usuarios e usuarias a usalo e gozalo” (Artigo 9.2).

En relación con estes extremos, damos aquí por integramente reproducida a resposta dada neste informe-proposta a obxeccións semellantes contidas na alegación presentada por J.A.M.C. e outros con rexistro 17.12.2020 e nº de doc. 200264605-200264606 (“A remisión que fai o artigo 13.1 do texto proposto á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo -a cal ampara que a autoridade municipal determine areas como zonas de espaxemento canino- vulnera o disposto no artigo 1 do mesmo por canto conculca de xeito permanente os dereitos dos residentes colindantes aos areas acoutados como espaxemento canino, propoñendo unha nova redacción do citado artigo 13.1”.; “Que a Disposición Derrogatoria conteña de forma expresa a derogación da designación dos areas de Foz e Calzoa como praias de espaxemento canino sen límite de temporada e horario, acordada en execución da modificación da Ordenanza para protección e tenencia de animais do Concello de Vigo”.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, a alegación presentada o 25.12.2020 por A.P.C. e outros (doc. nº 200274780).

IV. MODIFICACIÓNS (NON SUBSTANCIAIS) INTRODUCIDAS DE OFICIO

IV.1. De conformidade co informe emitido polo secretario xeral do Pleno en data 31.08.2020, a “Exposición de Motivos” pasa a denominarse “Preámbulo” o ser a “Exposición de Motivos” propia dos proxectos de Lei. Asemade, o Título I pasa a denominarse “Título Preliminar”.

IV.2. De acordo cunha axeitada técnica normativa, fusiónanse nun único Título (Das actividades deportivas) o Título VII (Acampadas nos areas); o Título VIII (Pesca recreativa); o Título IX (Actividades náuticas) e o Título X (Práctica de xogos e deportiva na zona de baño).

V. TEXTO PARA APROBACIÓN INICIAL

V.1. Contido e alcance:

Formalmente, a Ordenanza consta dun Título Preliminar e a súa parte dispositiva estrutúrase en 9 Títulos, 12 Capítulos e un total de 39 artigos, e unha parte final integrada por unha disposición derogatoria e unha disposición final. Complétase cun Anexo no que se inclúen os areas comprendidos no término municipal, así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areas de Galicia.

Regúlanse no texto, no seu Título I, unha serie de disposicións xerais que conteñen o ámbito de aplicación e as definicións dos elementos obxecto de ordenación. O Título II contén as normas xerais aplicables ao uso e goce dos areais. O Título III está adicado ás normas de carácter hixiénico sanitario e calidade da auga, abarcando cuestións relativas á limpeza dos areais, residuos, presenza de animais, etc. O Título IV está adicado ás normas xerais aplicables aos emprazamentos de obras, actividades e instalacións. O Título V, adicado á Vixilancia, Salvamento, Socorrismo e Asistencia Sanitaria de Primeiros Auxilios en determinados areais do municipio, determina as funcións mínimas do persoal de salvamento contratado polo Concello, e paralelamente as obrigas dos bañistas para facilitar o seu traballo. O Título VI recolle as normas xerais aplicables á circulación de vehículos nos areais. O Título VII adícase ás actividades deportivas incluíndo as acampadas nos areais, á pesca recreativa, xa sexa costeira ou submarina, ás actividades náuticas, así como á ocupación do espazo público con aparellos de navegación. O Título VIII adícase á venda ambulante e outras actividades lucrativas. O Título IX, derradeiro, ao longo de catro capítulos regula o réxime sancionador aplicable ás infraccións ao disposto na presente Ordenanza. Neste Título faise un recoñecemento expreso da normativa aplicable na actualidade, incorporando en canto ás contías das sancións económicas e á clasificación das infraccións ás previsións do Título XI da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, incorporado polo artigo 1.4 da Lei 57/03, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó da Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación da Ordenanza.

V.2. Garantía de cumprimento:

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou aos seus axentes da autoridade na labor de información do establecido na Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

As infraccións á Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

VI. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

VI.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materia de protección da salubridade pública (Art. 25.2.j] LRBRL e Art. 80.2.h] LALGA).

O artigo 115 da LC atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

VI.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

VI.3. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

VI.4. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

VI.5. De acordo co artigo 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

1. Aprobación inicial polo Pleno.
2. Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
3. Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
4. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

IV.6. O Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016, refírese ao “procedemento regulamentario”, dedicando o seu Capítulo I ao “procedemento regulamentario común”, contemplando un prazo concreto para a presentación de emendas polos grupos municipais, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

VI.7. Entrada en vigor: Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

VI.8. A actuación municipal nas materias reguladas nesta Ordenanza xeradoras de gasto -servizo de salvamento e socorrismo e limpeza dos areas- xa se veñen desenrolando na actualidade polo Concello de Vigo e contan coa correspondente partida orzamentaria habida conta das competencias que a vixente ordenación xurídica -artigo 115 LC- atribúe a administración municipal, polo que non constitúen novo gasto. En todo caso, deberá emitir informe preceptivo de fiscalización a Intervención Xeral.

VII. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte,

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 19 de abril do 2021, o interventor municipal emite informe de fiscalización.

DITAME. A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Cies Patrimonio da Humanidade, Parques, Festas, Turismo e Deportes, na súa sesión ordinaria (como urxente) do 21.04.21, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN. Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete abstencións do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO: Con base no informe-proposta emitido polo técnico de Administración xeral da Unidade de Medio Ambiente e o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, transcrito na parte expositiva deste acordo, desestimar as alegacións presentadas polo Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (doc. nº 200261544), por J. A. M. C. e outros (doc. nº 200264605-200264606), por A. P. C. e outros (doc. nº 200274780) e pola Federación Ecoloxistas en Acción (doc. nº 200265843). Asemade, aprobar as modificacións non substanciais introducidas de oficio, no sentido indicado na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos alegantes e, ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto integro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles desta publicación.

CUARTO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito».

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

PREÁMBULO

I.

A simultaneidade das competencias existentes na protección do patrimonio costeiro e a gran presión dos usos aos que se somete, non pode facer perder de vista aos concellos a perspectiva de conseguir, como prioritario en todas as actividades, a protección da salubridade e seguridade dos usuarios de este ben público, sendo polo tanto obrigación das entidades locais garantir estas, así como a protección do medio ambiente, con independencia de cal sexa o eixo de interacción de todos os factores que participan no escenario do dominio público litoral.

A afluencia masiva de bañistas na época estival nos areas do municipio e os riscos que iso pode entrañar, fundamentan a necesidade de regular as condicións de estancia e seguridade neles. Configúrase como necesario para o Concello de Vigo conxugar, dunha parte, a seguridade e doutra a protección da salubridade dos areas, así como a súa conservación e a correspondente promoción dun desenvolvemento turístico de calidade. En consecuencia, tamén se inclúe todo o inclúese tamén o relativo a servizos, instalacións, limpeza, conservación do medio, zonas de baño e demais materias que incidan na prevención e a seguridade.

En definitiva, esta ordenanza pretende ser una ferramenta de coordinación, colaboración e regulación do uso e goce dos areas do municipio, establecendo un espazo de convivencia para as e os seus usuarios, así como a protección destes e do medio natural.

II.

O noso ordenamento constitucional reconece no seu artigo 45 o dereito da cidadanía a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Así mesmo, correspóndelles aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O artigo 4.1, letra a), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, reconece aos municipios, as provincias e as illas, na súa calidade de administracións territoriais a potestade regulamentaria como facultade para producir as normas necesarias para regular a vida cidadá. Para tal efecto, o exercicio da autonomía local implica a capacidade de aprobar normas xerais no eido das súas competencias e no marco da lei. Igualmente, a devandita lei reconece que os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado que teñen dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, tendo plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, no ámbito das súas respectivas competencias.

O artigo 25.2, letra j), do mencionado texto legal outórgalles aos concellos, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias para garantir a protección da salubridade pública.

Haberá de estar igualmente ao establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

A principal lei sectorial neste ámbito é a Lei 22/1988, do 28 de xuño, de costas. De acordo co disposto no seu artigo 3.1, letra b), as praias constitúen bens de dominio público marítimo terrestre estatal, en consonancia co disposto no artigo 132.2 da Constitución Española.

O artigo 115 da citada lei de costas atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as comunidades autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade; vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local.

Dentro da normativa sectorial hai que ter en conta, igualmente, o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Nos areas do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia será tamén de aplicación o Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o *Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*.

Neste marco de principios e atribucións, a franxa litoral defínese como un recurso natural, particularmente atractivo e moi utilizado, especialmente en diversas épocas do ano. Ao soportar unha elevada presión de uso, demanda unha especial atención e ordenación institucional por ser un espazo fráxil proclive a desequilibrios produto da acción humana.

O dito recoñecemento do valor territorial debe ir acompañado dunha garantía de seguridade e protección da salubridade no uso e goce deste espazo. A protección dos riscos para a saúde non é un obstáculo ao auxe turístico e de desenvolvemento senón unha necesidade demandada polo cidadá e un valor engadido á oferta de calidade do noso patrimonio litoral.

Na súa virtude, o Concello de Vigo elaborou unha ordenanza reguladora do uso e disfrute dos areais do litoral municipal como instrumento de concienciación, convivencia e xestión eficaz do dominio público costeiro no ámbito de competencia municipal, que permita a compatibilidade dos dereitos e deberes dos usuarios da zona costeira coa protección do noso espazo natural.

Todo isto xustifica a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cumprindo a obrigaición das administracións públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

TITULO I. TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e - goce polos usuarios e usuarias da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta ordenanza será de aplicación no termo municipal de Vigo, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no Título I da Lei de costas e/ou que teña a consideración de areal. Seroa tamén aos servizos e instalacións directamente vinculados ao uso deste, sen menoscabo das competencias doutras administracións públicas na materia.

Os areais comprendidos no término municipal,- así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia - son os que figuran no Anexo desta ordenanza.

Nos areas do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia rexerá a presente Ordenanza en todo aquilo que non entre en contradición coa normativa sectorial de aplicación a este.

Artigo 3. Exercicio de competencias municipais

As competencias previstas nesta ordenanza serán exercidas polos órganos municipais que sexan competentes conforme coas normas vixentes que regulen en cada momento as atribucións dos ditos órganos.

En situacións de emerxencia estas serán xestionadas segundo o disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e resto de lexislación relativa a Protección Civil.

A Alcaldía-Presidencia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para garantir as condicións hixiénico sanitarias dos usuarios nos areas, especialmente, en caso de alerta ou emerxencia sanitaria.

Para o desenvolvemento das ditas competencias seguiranse os procedementos que en cada caso e momento establezan as normas xerais aplicables.

Artigo 4. Supostos non regulados

Nos supostos non regulados nesta ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias puidesen estar comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación, seranlles aplicadas por analogía as normas que garden similitude co caso mencionado.

Artigo 5. Cumprimento da ordenanza.

Os axentes da autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na ordenanza a fin de que, de inmediato, cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidese proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou os seus axentes da autoridade no labor de información do establecido na presente ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

CAPÍTULO II. DEFINICIÓNS E SINALIZACIÓN PREVENTIVA

Artigo 6. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, enténdese como:

- a) Areas: zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo pendentes, bermas e dunas; verbo destas inclúese ata o límite que resulte necesario para garantir a estabilidade da praia e defensa da costa.
- b) Dunas: depósitos sedimentarios constituídos por montículos de area, teñan ou non vexetación, que se alimenten da area transportada pola acción do mar, do vento mariño ou por outras causas.

c) Augas de baño: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.

d) Zonas de augas de baño: Área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para tal efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

e) Zona de varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.

f) Tempada de baño: É o período de tempo no que se pode prever, cunha alta frecuencia, a afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos e costumes locais. Para os efectos desta ordenanza, considerase como o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

O Concello de Vigo poderá variar o dito período en función das circunstancias climatolóxicas.

g) Acampada: Instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.

h) Campamento: Acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.

i) Animal de compañía: Todo aquel, que sendo doméstico ou silvestre, tanto autóctono como alóctono é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa ningunha sobre el.

l) Pesca marítima de recreo: Enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución ningunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.

m) Órgano xestor de praias (OXP): Órgano dependente da concellería con competencias en medio ambiente e presidido polo/a concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha periodicidade mínima anual. Son membros deste as concellerías, departamentos e servizos implicados na xestión, mantemento, conservación e protección dos areas municipais e a súa contorna, no ámbito das competencias municipais.

Artigo 7. Sinalización preventiva

1. Como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

- Verde: Apto para o baño.
- Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
- Vermella: Prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

2. En todo caso as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente e de xeito claro o perigo a prever.

- a) Reincidir na comisión de infraccións graves no prazo dun ano.
- b) Facer publicidade a través de folletos, carteis, valados, medios audiovisuais ou de calquera outro tipo, segundo establece a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, salvo autorización expresa do órgano competente.
- c) Circular as embarcacións, táboas de surf, *paddle surf*, *kite surf*, motos náuticas, esquí náutico ou outros artefactos flotantes non autorizados a distancia inferior a 200 metros da costa e nas zonas de baño, salvo nos canais debidamente sinalizados.
- d) Verter e depositar materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
- e) Celebrar actos públicos ou competicións deportivas organizadas nos areas sen a autorización preceptiva do órgano competente.
- f) Circular e estacionar vehículos no areal sen autorización expresa.
- g) Impedir ou obstruír grave e relevantemente o normal funcionamento nos areas do servizos públicos, en especial ao de limpeza dos areas e ao de vixilancia, salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
- h) Impedir o uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización, así como o libre acceso público ás instalacións municipais tales como duchas, lavapés, aseos, etc.

CAPITULO II. SANCIONES

Artigo 31. Apercibimento

1. A autoridade municipal ou axentes desta poderán apercibir verbalmente a quen infrinxa calquera das disposicións contidas nesta ordenanza, co fin de que, de forma inmediata, cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando corresponda, ou de ser o caso, a remisión de parte de denuncia á administración competente.

2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará aos anteriores no labor de informar do establecido nesta ordenanza. Comunicará particularmente as infraccións e apercibilalle ao posible infractor ou infractora das responsabilidades que da súa conduta lle poden derivar.

3. Os e as bañistas teñen a obriga de seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poidan realizar axentes da autoridade ou membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións de desenvolvemento existan ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

Artigo 32. Sancións

1. As sancións pola infracción desta ordenanza serán independentes de calquera outra medida cautelar, preventiva ou reparadora que adopten os órganos competentes.

2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza, en defecto de normativa sectorial específica, serán sancionadas con multas na forma e contías establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 141):

- a) Infraccións leves: multas ata 750,00 €
- b) Infraccións graves: multas desde 751,00 € ata 1.500,00 €
- c) Infraccións moi graves: multas desde 1.501,00 € ata 3.000,00 €

Artigo 33. Graduación das sancións

Para a graduación das respectivas sancións deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impor e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A graduación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia por cometer no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa

Artigo 34. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 35. Responsabilidade

Para os efectos desta ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nesta:

1. As persoas que directamente, por conta propia ou allea, executen a actividade infractora, ou quen ordene a dita actividade cando a persoa executora se vexa obrigada a cumprir a dita orde.

2. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por esta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible, individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar a autores, titulares ou propietarios/as dos vehículos ou embarcacións, táboas ou elementos semellantes cos que se realice a infracción.

4. No caso de que a persoa infractora fose menor de idade, exixirase a responsabilidade do pai, nai o titor/a, gardador/a ou persoa responsable legal, sobre o pagamento da sanción pecuniaria correspondente, así como da reparación dos danos.

5 Serán responsables os titulares das licencias ou autorizacións cando, con ocasión do exercicio dun dereito recoñecido nelas, se incorra nalgunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

6. As responsabilidades administrativas que deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa exixencia ao infractor ou infractora da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario. Asemade, ha de indemnizar polos danos e perdas causadas, que será determinada e exixida polo órgano a que corresponda o exercicio da potestade sancionadora. Se non se satisfixer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 36. Potestade sancionadora e órganos competentes.

As infraccións a esta ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, tras a instrución do correspondente expediente sancionador.

CAPÍTULO III. MEDIDAS PROVISORIAS

Artigo 37. Medidas provisionais.

1. Iniciado o procedemento, o órgano administrativo competente para resolver poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma motivada, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, se existisen elementos de xuízo suficientes para isto, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

2. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisoria dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento. Este deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, e poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no mencionado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

3. Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

4. As medidas provisionais poderán ser retiradas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción. En todo caso, extinguiranse cando produza efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

CAPITULO IV. PROCEDEMENTO

Artigo 38. Réxime xurídico.

Os procedementos administrativos sancionadores tramitaranse de acordo co estipulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público ou as disposicións normativas que as substitúan no caso da derogación correspondente.

Artigo 39. Caducidade do procedemento sancionador

1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta ordenanza deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de seis meses, contados a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.

2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa

publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO

N.º	NOME DO AREAL	CATEGORÍA	TRAMO	PARROQUIA
1	A SUACASA	Natural	Único	Teis
2	O MENDE	Natural	Único	Teis
3	RÍOS RAMPA	Urbana	Único	Teis
4	RÍOS PILÓN	Urbana	Único	Teis
5	ETEA	Urbana	Único	Teis
6	A PUNTA	Urbana	Único	Teis
7	TEMOEIRAS	Urbana	Único	Teis
8	O AREÍÑO	Urbana	Único	Teis
9	O FARO	Natural	Único	Teis
10	A LAGOA	Urbana	Único	Teis
11	A FÁBRICA	Urbana	Único	Teis
12	A MANGUIÑA	Urbana	Único	Teis
13	O ADRO	Urbana	Único	Bouzas
14	FONTOURA	Urbana	Único	Alcabre
15	O CARRIL	Urbana	Único	Alcabre
16	SANTA BAIA	Urbana	Único	Alcabre
17	O COCHO	Urbana	Único	Alcabre
18	A MOURISCA	Natural	Único	Alcabre
19	FONTES	Natural	Único	Alcabre
20	TOMBO DO GATO	Urbana	Único	Alcabre
21	A ESPEDRIGADA	Urbana	Único	Alcabre

22	O COCHO DAS DORNAS	Urbana	Único	Alcabre
23	A ARGAZADA	Urbana	Único	Alcabre
24	SAMIL	Urbana	Único	Navia
25	A FOZ	Urbana	Único	Navia/Coruxo
26	A CALZOA	Urbana	Único	Coruxo
27	O FECHIÑO	Urbana	Único	Coruxo
28	A FONTAÍÑA	Urbana	Único	Coruxo
29	O BALUARTE	Natural	Único	Coruxo
30	O VAO	Natural	Único	Coruxo
31	A AREA GRANDE TORALLA	Urbana	Único	Coruxo
32	A AREA PEQUENA TORALLA	Urbana		Coruxo
33	O SERRAL	Natural	Único	Oia
34	CANIDO	Urbana	Único	Oia
35	XUNQUEIRO	Urbana	Único	Oia
36	A SOBREIRA	Urbana	Único	Oia
37	A BURACA	Urbana	Único	Oia
38	A FURNA	Natural	Único	Oia
39	O APIO	Natural	Único	Oia
40	CANTO DE AREA	Natural	Único	Oia
41	NOVIA	Natural	Único	Oia
42	O FORTIÑÓN	Natural	Tramo 1	Oia
42	O FORTIÑÓN	Urbana	Tramo 2	Saiáns
43	O PORTIÑO	Urbana	Único	Saiáns
44	OS SEIXOS	Natural	Único	Saiáns

45	SAN MARTIÑO	Natural	Único	Illas Cíes
46	NOSA SEÑORA	Natural	Único	Illas Cíes
47	OS BOLOS	Natural	Único	Illas Cíes
48	AS RODAS	Natural	Único	Illas Cíes
49	O ALMACÉN	Natural	Único	Illas Cíes
50	A AREA PEQUENA	Natural	Único	Illas Cíes
51	A AREA GRANDE DO MUXIEIRO	Natural	Único	Illas Cíes
52	AREA DE FREIXEIROS	Natural	Único	Illas Cíes
53	FIGUEIRAS	Natural	Único	Illas Cíes
54	AREA DO MEDIO	Natural	Único	Illas Cíes
55	A CANTAREIRA	Natural	Único	Illas Cíes
56	AS MARGARIDAS	Natural	Único	Illas Cíes

4.(66) APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO ÁMBITO DO POLÍGONO 32 DO PERI IV-04 CALVARIO. EXPTE. 17165/411 (REXISTRO PLENO2900/1101).

ANTECEDENTES: Con data 15 de abril de 2021, a técnica de admón. xeral da oficina de Desenvolvemento Urbanístico co conforme do xerente de Urbanismo emite o seguinte informe proposta,

I. Mediante sentenza ditada polo Tribunal Supremo con data do 10.11.2015 (rec. casación nº. 1658/2014) foi declarada a nulidade das orde da Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do día 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (en diante, PXOM08) e do Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio do día 13.07.2009, de aprobación do documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do 16.05.2008, o que conlevou a reviviscencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993 (en diante, PXOU93).

II. Con data do 08.06.2020, a Vicepresidenta desta XMU ditou Resolución pola que se dispuxo "(...)Prestar conformidade ao "Estudo específico da situación derivada da anulación do PXOM 2008 ao abeiro do previsto no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, nas rúas Sagunto,

Valladolid e AV. Emilio Martínez Garrido de Vigo”, documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 16.03.2020 (COD. SOL.: W425214-9043) pola representación da entidade “EDUARVEN 2014, SL”, asinado dixitalmente polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García e polo avogado Diego Gómez Fernández (avogado núm. 1.647 ICA Vigo) con data marzo de 2020, e subsecuentemente elevar o mesmo a instancia dos interesados, a consulta da Consellería correspondente da administración autonómica sobre a súa inclusión como ordenación provisional das prevista na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, con independencia do expediente tramitado a instancia deste Concello baixo o número 16022-411;SEGUNDO: Remitir o nomeado Estudo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para o seu sometemento ao informe urbanístico e ambiental referidos no artigo 88.2 da LMFA.(...)”.

III. Deste xeito, e en cumprimento do peticionado, con data do 20.07.2020 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU, a través do sistema “Notifica. Gal”, un oficio subscrito pola Secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, polo que se remiten os informes sectoriais emitidos ao presente expediente de conformidade coa normativa de pertinente aplicación, isto é, o informe urbanístico de data 15.07.2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanístico e o informe ambiental subscrito pola Directora xeral de calidade ambiental e cambio climático na mesma data, ao abeiro do previsto no artigo 88 da LMFAO.

Posteriormente, con data do 10.08.2020 a Vicesecretaría xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, remite novo informe sectorial urbanístico de data 5.08.2020 da Dirección xeral de ordenación do Territorio e Urbanístico, favorable a ordenación proposta, condicionado a incluír na ordenación a totalidade do polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario.

IV.- Do anteriormente concluído, procedeuse a dar traslado a entidade promotora mediante oficio do Xerente de urbanismo do 10.08.2020 (Not. Núm. 8601/2020); A tales efectos, con data do 09.09.2020 tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, baixo o COD.SOL.: W470852-4011, nova documentación achegada pola representación da entidade promotora, en cumprimento do indicado no derradeiro informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 05.08.2020 verbo da inclusión da totalidade do polígono, consistente en: “Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, no ámbito do polígono 32 do PERI del Calvario” redactado e asinado con firmas dixital válidas con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), documentación técnica, que substitúe e anula a anteriormente presentada”.

V.- Á vista da nova ordenación proposta, o dito instrumento foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, quen con data do 09.10.2020 emite informe favorable á ordenación proposta subscrito pola Directora xeral de ordenación do Territorio e urbanismo á vista da nova proposta de “Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, no ámbito do polígono 32 do PERI del Calvario” redactado e asinado con firmas dixital válidas con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG).

VI.- Así as cousas, con data do 28.10.2020 o Pleno do Concello de Vigo prestou aprobación ao “Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación Municipal de Vigo 2008 no ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario (Vigo)” como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8

de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, instrumento urbanístico de iniciativa particular, inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 09.09.2020 baixo o Cod. Sol.: W470852-4011, pola representación da entidade "EDUARVEN 2014, SL", e redactado e asinado con firmas dixital válidas, con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), que anula e substitúe á documentación técnica anteriormente presentada, como ordenación provisional das previstas no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, do que se xunta unha copia en soporte dixital, facendo constar expresamente que dito estudio se tramita e aproba con carácter independente ao expediente tramitado e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019; DOG 26.08.2019; BOB 20.09.2019. (Exp. 16022/411)

O día 08.03.2021 publicouse no DOGA núm. 45 o anuncio do 22.02.2021 da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do IOP do ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 Calvario (referencia 2020AAE2462).

VII.- Obran no expediente os seguintes informes sectoriais favorables á ordenación proposta: Informe do IET de data 24.02.2021, no que conclúe que o dito instrumento non terá efectos negativos na paisaxe, e informe favorable de la Dirección general de Aviación civil do 30.03.2021.

VIII.- Con datas do 08.04.2021 e 09.04.2021 (Cod. Web. W536802-4625), D. Diego Gómez Fernández na representación invocada no expediente, achega nova documentación técnica do IOP, redactado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade "Eduarven 14" adaptada aos anteditos informes sectoriais, e aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial polo órgano municipal competente.

IX.- Finalmente, con data do 13.04.2021 a arquitecta municipal xefa do servizo de planeamento e xestión, emite informe técnico favorable a documentación presentada, do seguinte teor literal,

"(...) En data 29.08.2019 Diego Gómez Fernández, en nome da entidade EDUARVEN 2014 SL, "Estudio específico da situación derivada da anulación do PXOM 2008" para unha mazá situada no polígono 32 do Calvario, redactado polo arquitecto José Antonio Comesaña García e o avogado Diego Gómez Fernández, ao amparo dos artigos 84 e seguintes da Lei 2/2017, de 8 de febreiro de medias fiscais, administrativas e de ordenación de Galicia.

Neste Estudo abórdase a situación derivada da anulación por STS de data 10.11.2015 do denominado PXOM 2008 (aprobado definitivamente por ordes do 16.05.2008 e 13.07.2009) e do recobro da vixencia do anterior planeamento xeral, é dicir, do nomeado PXOU 1993.

Débase precisar que dito planeamento xeral vixente con anterioridade ao 2008, coñecido como PXOU 93 ou Plan Xeral de 1993, en realidade trátase do denominado "Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA" (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG n.º 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P. n.º 133, o 14 de xullo de 1993.

Como se describe no estudo presentado, os terreos para os que se pretendía nun primeiro momento recuperar a ordenación do plan anulado, comprendían unha parte do polígono 32 do PERI IV-04 Calvario que no PXOM 2008 tiñan a condición de solo urbano consolidado.

En data 9.06.2020 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou prestar conformidade ao estudo específico presentado e remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para emisión do preceptivo informe.

Foron recibidos informes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. No primeiro informe dise que procede inicialmente someter a ordenación provisional do ámbito solicitado ao procedemento de avaliación ambiental simplificada. No segundo informe se recolle que a “proposta de delimitación da área resulta incongruente, por canto a disociación que se propón do polígono 32 invalida a aplicación do PERI do Calvario na zona non regulada no presente estudo ao estar suxeita a un réxime de equidistribución de deberes urbanísticos que afecta ao polígono completo”.

Como consecuencia do informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en data 9.09.2020 foi presentado un novo estudo específico xa referido a todo o ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 CALVARIO.

Este novo Estudo Específico foi aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20.10.2020. Elevado ao Pleno do Concello éste acordou:

- Aprobar o “Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación Municipal de Vigo 2008 no ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario (Vigo)” como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, instrumento urbanístico de iniciativa particular, inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 09.09.2020 baixo o Cod. Sol.: W470852- 4011, pola representación da entidade “EDUARVEN 2014, SL”, e redactado e asinado con firmas dixital válidas, con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), que anula e substitúe á documentación técnica anteriormente presentada, como ordenación provisional das previstas no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, do que se xunta unha copia en soporte dixital, facendo constar expresamente que dito estudio se tramita e aproba con carácter independente ao expediente tramitado e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019; DOG 26.08.2019; BOP 20.09.2019. (Exp. 16022/411).

En data 21.12.2020, Diego Gómez Fernández en representación de EDUARVEN 2014 SL, presentou documentos de Borrador e DAE para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE).

Esta documentación foi remitida á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, que, tras someter a documentación ao periodo de consultas (de 08.01.2021 ao 8.02.2021), emitiu o Informe Ambiental Estratéxico (publicado no que se resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Instrumento de Ordenación Provisional do ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario. No mesmo informe se recolle que non se esperan efectos negativos no ámbito que se pretende agora recuperar. Tamén en data 26.02.2021 foi recibido informe do IET no que se conclúe que este IOP non terá efectos negativos na paisaxe, “en todo caso estes efectos serán positivos para a paisaxe urbana”.

En data 30.03.2021 foi recibido na Xerencia Municipal de Urbanismo (consta anexado ao expediente) Informe da Subdirección General de Aeropuertos y Seguridad Aérea sobre o instrumento de ordenación provisional no ámbito do polígono 32 do PERI IV-04 do CALVARIO no termo municipal de Vigo. No informe se sinala que o informe ten carácter preceptivo e vinculante. Con todo se di que que hai cota suficiente para que as Servidumes Aeronáuticas no sexan sobrepasadas polas construcións ou instalacións que puideran permitirse a través do IOP do polígono 32 do PERI do

Calvario. Informando favorablemente o instrumento. Indicando asemade a obriga de plasmar na documentación do IOP que se está a tramitar, a necesidade de acordo favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) das obras e instalacións que se quixeran executar no ámbito.

Tras rematar a fase de AAE, o promotor da actuación presentou a documentación correspondente á aprobación inicial de dito IOP.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

FORMATO DE ENTREGA:

A documentación presentada en data 8 de abril de 2021 cumpre co establecido nas Normas Técnicas de Planeamento (NTP en adiante). Foi presentada en soporte CD, no CD se inclúen dúas carpetas comprimidas:

36057_IOP_202103_AI_01PDF

36057_IOP_202103_AI_02EDIT.

Tamén se inclúe o Anexo 9 das NTP.

As carpetas seguen o mesmo esquema tanto a correspondente ao formato .pdf coma a dos arquivos editables.

Contén as seguintes subcarpetas co seguinte contido:

- 01.MX (corresponde ás memorias):
 - Memoria informativa.
 - Memoria xustificativa.
 - Anexo 1. Reportaxe fotográfica do ámbito.
 - Anexo 2. Relación de parcelas catastrales afectadas.
 - Anexo 3. Anexo documental.
- 05. PINF (corresponde aos planos de información):
 - Plano de localización do ámbito do IOP
 - Plano de ordenación.
 - Plano topográfico
 - Plano do catastro.
 - Plano de situación actual.
 - Planos das redes de servizos existentes (5 planos).
 - Plano de rede viaria existente.
 - Plano de evolución urbanística do concello (recolle a antigüidade das edificacións existentes).
 - Plano de afeccións.
 - Plano de riscos.
- 06.PORD (corresponde aos planos de ordenación).
 - Plano de usos do solo. Neste plano se recollen as ordenanzas de aplicación do IOP.
 - Plano de integración co IOP aprobado definitivamente (24/07/2019).
- 07.NU (corresponde á normativa urbanística)
 - Normativa urbanística.
- 10.AAE. (corresponde coa documentación da avaliación ambiental estratéxica)
 - Documento Ambiental Estratéxico.

Plano da alternativa cero.

Plano da alternativa 1.

Informe ambiental estratéxico.

A xuízo da técnica que subscribe a documentación presentada cumpre o establecido nas NTP (ORDE de 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia). Precisar que o Instrumento de Ordenación Provisional non está recollido como un posible planeamento nestas normas técnicas, polo que a organización das carpetas é unha adaptación ao regulado nelas.

Os documentos están ordeados tal e como se describiu anteriormente, todos contan con índice previo e marcadores (excepto o DAE xa que se incorporou o mesmo que foi tramitado no seu día e non os tiña), e todos cumpren o establecido no referente ao reflexo da data, do concello, etc.

No que atinxe ao formato editable inclúense dúas carpetas:

- **01.DOC_EDIT**

Esta carpeta segue o mesmo esquema que a do formato .pdf. A documentación escrita está en formato .docx e a correspondente aos planos está en formato .mxd (arquivo dos proxectos de ArcGis, formato aceptado polas NTP).

- **02.FONTE_DATOS**

Nesta carpeta inclúense, comprimidas as capas en formato .shp. Tamén se incorporan as capas en formato .dwg (de Autocad) xeorreferenciado, así como imaxes utilizadas na confección dos planos.

CONTIDO DO IOP

CARPETA 01.MX:

PARTE I. INFORMACIÓN

1 **LIMIAR.**

2 **ANTECEDENTES.**

3 **ANÁLISE DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PXOM 2008. SITUACIÓN ACTUAL.**

4 **ÁMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL.**

Neste apartado se recolle unha descripción do ámbito, o encadre territorial, o medio físico, medio biótico, medio perceptual, caracterización socioeconómica, demografía, patrimonio cultural, medio urbano e territorial, rede viaria, redes de servizos, transporte e mobilidade, etc. Tamén se recolle unha descripción das afeccións sectoriais que inciden no ámbito e as zonas adxacentes.

PARTE II. XUSTIFICACIÓN

1 **MARCO LEGAL DA ORDENACIÓN PROVISIONAL PROPOSTA.**

Inclúe a xustificación do cumprimento das sentenzas recaídas sobre o PXOM 2008, a protección do patrimonio cultural (artigo 84 da LMFAO) e tamén do establecido no artigo 87 da LMFAO.

2 **XUSTIFICACIÓN DO CONTIDO E VIXENCIA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL.**

Neste apartado se xustifica o cumprimento da lexislación vixente, do establecido no IAE, a viabilidade e sustentabilidade económica do

planeamento proposto e a vixencia deste instrumento.

- 3 CONTIDO DOCUMENTAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL.
- 4 CONCLUSIÓN.

Inclúese ademais, como Anexo II, unha reportaxe fotográfica do ámbito, e como Anexo II a relación das parcelas catastrais afectadas.

NORMATIVA URBANÍSTICA (CARPETA 07.NU)

O contido normativo reproduce as partes da Normativa Urbanística do anulado PXOM 2008 que serían de aplicación para este instrumento de ordenación provisional.

Así pois, se recuperan os Títulos correspondentes ao Réxime transitorio, Desenvolvemento e Execución do Planeamento, o referente ás Normas Xerais de Uso, o correspondente ás Normas Xerais de Edificación, o referido ás Normas Xerais de Ordenación e Urbanización, Normas Xerais de Protección, e as Normas particulares en Solo Urbano Consolidado de aplicación, é dicir a normativa contida na ordenanza 3 Edificación en Couzada Pechada e a da ordenanza 6 de Edificación en Bloques Abertos.

Polo que, co contido nesta Normativa Urbanística se recupera un conxunto normativo bastante completo, procedente do anulado PXOM 2008, que permitirá a aplicación do IOP.

AMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL



AMBITO DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

O ámbito delimitado ten unha superficie total de 11.157 m². O ámbito está delimitado polas rúas

Avda de E. Martínez Garrido e rúas Sagunto, Valladolid, Segovia e Burgos, formando o denominado polígono 32 do PERI IV-04 CALVARIO. Na ordenanza 3 está incluída unha superficie de 4.609 m², e na ordenanza 6 unha superficie de 691 m². O viario supón un área de 5.857 m².

PXOM 2008 co ámbito en azul, planos 9-N e 9-O da SERIE 2



No anulado PXOM 2008 este ámbito estaba clasificado na súa totalidade como solo urbano consolidado con ordenanzas de aplicación 3 de EDIFICACIÓN EN COUZADA e 6 de EDIFICACIÓN EN BLOQUES ABERTOS, que agora neste IOP se recuperan. O contido da ordenación do IOP é coincidente totalmente co recollido no anulado PXOM 2008 para estes terreos.

A xuízo da técnica que subscribe, a documentación presentada de Instrumento de Ordenación Provisional do ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario, en data 9 de abril de 2021 redactada polos técnicos da empresa ÓPTIMA SL, asinada polo arquitecto Javier Rivas Barros e polo avogado Diego Gómez Fernandez, cumpre co existido na LMFAO e, en xeral, tamén co establecido nas NTP.

Con todo, na documentación que se presente para a aprobación definitiva, en relación coa documentación editable de carácter gráfico, deberá axustar o nome das capas e as táboas de atributos ao modelo de datos vectoriais establecido no "Anexo 3: modelo de datos dos arquivos vectoriais" das NTP (ver <https://cmatv.xunta.gal/documentos-apoio>).

CONCLUSIÓN:

Débase aclarar que o contido mínimo deste instrumento de ordenación de carácter provisional, non está regulado expresamente nin na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia do solo nin no seu Regulamento (Decerto 143/2016, de 22 de setembro, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia). Tampouco nas NTP se contempla este tipo de instrumento de ordenación provisional, con todo, ao se tratar dun instrumento de planeamento resulta necesaria a adaptación dos formatos de presentación tanto en .pdf, como en formatos editables. Como xa se informou, a documentación presentada resulta dunha adaptación ao regulado nas ditas normas.

A xuízo da técnica que subscribe, tanto desde un punto de vista formal como no que se refire ao seu contido, a documentación presentada é adecuada e suficiente para proceder á súa aprobación inicial segundo se establece no artigo 93 Tramitación para a aprobación da ordenación provsional da LMFAO.(...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

- Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG)
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO 2017)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- PXOU93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993
- O resto de disposicións que poidan afectar

II. Obxecto do Instrumento de Medidas Provisionais (IOP).

O instrumento urbanístico que nos ocupa é unha ferramenta posta a disposición das Administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos para que, nas circunstancias previstas na LMFAO 2017, podan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto non contén cun novo plan xeral aprobado definitivamente. Consecuentemente, no presente caso, a ordenación urbanística a recuperar deberá ser coincidente coa prevista no PXOM08 e cos seus instrumentos de desenvolvemento, nos termos e sen outras excepcións que as previstas na propia LMFAO 2017. Así mesmo, corresponderalle ao órgano competente valorar a necesidade da aprobación da proposta de IOP en atención ás singularidades deste instrumento, pois, malia tratarse dunha figura non prevista na LSG, ostenta a condición de instrumento de planeamento urbanístico aínda que revestido de certas singularidade, entre outras, a súa vocación de provisionalidade (só estará en vigor no prazo e condicións marcadas pola referida norma autonómica) e o seu carácter parcial (afectará só, no caso que nos ocupa, a dito ámbito -polígono 32 do PERI do Calvario).

Neste senso, o IOP elaborado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade “Eduarven 14”, propón unicamente recuperar a ordenación detallada do referido PXOM08 no ámbito do polígono 32 do PERI do Calvario, - co alcance que indica a arquitecta xefa de planeamento e xestión, tal e como fai constar, en informe favorable asinado con data do 13.04.2021, a cuxo íntegro contido nos remitimos e que lle serve de fundamentación á presente, de conformidade co previsto no artigo 88.9 da LPACAP.

Así pois, o instrumento que se eleva a aprobación inicial foi elaborado en observancia dos condicionantes impostos pola LMFAO 2017, recadando os preceptivos informes favorables, do xeito e co resultado que se indicou nas alíneas precedentes.

III. Tramitación procedimental.

De conformidade co establecido na LMFAO 2017, na súa relación coa LSG, unha vez recadados os informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial, o órgano

municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte (20) días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recadaranse os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

A continuación, emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO 2017.

Finalmente, o pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente, de ser o caso, o instrumento de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

IV. Suspensión de licenzas.

De acordo co establecido no artigo 86.2 do RLSG, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará, por si solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso de que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente. As áreas afectadas pola suspensión, que terá unha duración máxima de dous anos, a contar dende a aprobación inicial, reflíctense no resumo executivo da proposta de IOP.

Esta suspensión non afectará (artigo 86.3 do RLSG):

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás en caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan o aumento do volume edificado.
- b) As licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e o IOP inicialmente aprobado.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos e actividades autorizados polo novo planeamento.

En tanto dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do RLSG (artigo 47.5 da LSG).

V. Órgano competente.

É competente para adoptar o correspondente acordo o Pleno do Concello de Vigo, habida conta de que se trata de recuperar a ordenación establecida nun instrumento de planeamento xeral cuxa aprobación tamén lle corresponde en virtude do establecido no artigo 123.i) da LRBRL e 61.2 da LSG.

Con todo, a presente proposta fórmulase a respecto do cumprimento da LMFAO 2017 polo IOP de referencia, sen prexuízo dos informes a emitir polo interventor municipal e o secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo noutras materias en función das súas competencias.

Polo que antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO..."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN. Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o instrumento de medidas de ordenación tramitado no expediente 17165/411, redactado pola empresa OTIMA, SL, por encargo da entidade "Eduarven 14", documentación técnica presentada no rexistro desta XMU con datas do 08.04.2021 (Cod. Web. W536802-4625) e 09.04.2021, asinada dixitalmente con firmas válida polos directores dos traballos o avogado D. Diego Gómez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e o arquitecto D. Francisco Javier Rivas Barros, nomeado "Instrumento de medidas provisionais de ordenación no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 do Calvario (Vigo) como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación.

SEGUNDO: Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica municipal. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais de terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o que se entenderán emitidos con carácter favorable.

TERCEIRO: Declarar a suspensión, polo prazo máximo de dous anos, do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado. Esta suspensión levantarse, en todo caso, unha vez aprobado definitivamente o dito instrumento.

5.(67). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2021. EXPTE. 24258/541 (REXISTRO PLENO 2896/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe, de data 15 de abril de 2021, do Tesoureiro municipal co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH. Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Proveedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días

después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:
“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se

fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado e garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2021.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2021 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M.	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1.077	52	64	10
Importe dos pagos	24.110.820.31	99.107.47	36.843.73	2.466.82
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2	0	82	0
Importe	14.303.10	.00	113.834.72	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	11.19 días	19.79 días	103.37 días	11.27 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	138	12	30	0
Importe dos pagos		122.725.46	19.756.10	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>	2.763.173.83			
Nº de pagos	18	0	9	0
Importe	53.336.92	.00	14.351.62	.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	14,35 días	7,03 días	34,12 días	0,00 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11,19	14,35	19,79	7,03	103,37	34,12	11,27	0,00
Segundo								
Terceiro								
Cuarto								

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	24.125.123,41	2.816.510,75	99.107,47	122.725,46	150.678,45	34.107,72	2.466,82	,00
Nº pagos	1.079	156	52	12	146	39	10	0
Segundo								
Nº pagos								
Terceiro								
Nº pagos								
Cuarto								
Nº pagos								

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2021												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,28	7,67	8,32									
MARCO	85,85	89,29	97,79									
XMU	4,83	13,06	5,49									
V. C.BUR.	15,74	9,32	8,76									
PMP Global	17,56	8,84	9,35									

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2020

Mes	INSTITUCIÓN			
	Concello	XMU	F. MARCO	F. C.BUREAU

	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pte.pago	pagado	pte.pago	pagado	pte.pago	pagado	pte.pago
Xaneiro	5.471.601,02	1.121.984,51	3.363,38	23.557,73	11.605,39	115.453,09	1.397,75	0,00
Febreiro	8.747.920,27	1.515.365,79	38.761,41	33.510,38	17.407,89	128.454,33	629,51	
Marzo	9.895.123,69	2.801.469,43	56.982,68	122.725,46	121.665,17	34.107,32	439,56	0,00
Abril								
Maio								
Xuño								
Xullo								
Agosto								
Setembro								
Outubro								
Novembro								
Decembro								
TOTAL	24.114.644,98		99.107,47		150.678,45		2.466,82	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de tesourería sobre o cumprimento dos prazo de pago das obrigacións previstas nas leis correspondentes ao 1º trimestre do ano 2021.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente e a primeira tenente de alcalde, Sr. Silva Rego. Ocupa a Presidencia o segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

MOCIÓNS RESOLUTIVAS.

6.(68). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, POLA RECUPERACIÓN DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO. REXISTRO PLENO 2907/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2021, número 2907/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“POLA RECUPERACIÓN DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública xa atravesaba importantes dificultades con anterioridade á pandemia do coronavirus, por causa da política de continuados recortes e privatizacións despregada desde hai máis dunha década pola Xunta de Galiza gobernada polo Partido Popular. A crise sanitaria da Covid19 agravou problemas xa preexistentes e fixo máis evidente o impacto que as políticas de desmantelamento da rede pública teñen no dereito á saúde das persoas.

No caso da área sanitaria de Vigo, foron decisións políticas deliberadas, como a imposición dun modelo privatizado e recortado no novo hospital Álvaro Cunqueiro, o desmantelamento parcial do Meixoeiro, a negativa á integración de Povisa na rede sanitaria pública, a dilación na posta en marcha do centro de saúde de Bouzas reducindo á metade a súa dotación proxectada, e o continuado estrangulamento por falla de recursos do conxunto da Atención Primaria, as que a converteron na zona cero da desfeita sanitaria. A pandemia evidenciou de maneira dramática a necesidade urxente de reverter radicalmente esas políticas.

Na actualidade a falla de medios, sobre todo humanos pero tamén materiais, está a comprometer tanto a capacidade de atención como a calidade asistencial da sanidade na nosa cidade e área. Unha situación especialmente grave no ámbito da Atención Primaria, onde após máis dun ano desde o inicio da pandemia non se logrou recuperar a normalidade na asistencia sanitaria, manténdose a xeneralización da consulta telefónica, con importantes listas de agarda, e reducindo a capacidade de atención de doentes crónicos e persoas enfermas por procesos médicos non relacionados coa Covid19.

Cómpre denunciar que a dificultade para comunicar cos centros de saúde e para recibir unha asistencia presencial, para alén de producir un evidente malestar entre a cidadanía e as profesionais, acaba tamén por favorecer que a poboación recorra ao sector privado incrementando as desigualdades de saúde. Recuperar a consulta presencial e a actividade normal dos centros de saúde é, pois, unha cuestión imprescindible pero non debe supoñer regresar á situación anterior de masificación e medicalización da Atención Primaria.

O persoal sanitario, que ten demostrado un compromiso exemplar, leva máis dun ano padecendo unha insoportábel sobrecarga de traballo e vendo como a negativa do Sergas a reforzar os centros de saúde con máis persoal provoca que non se poida realizar un adecuado seguimento médico. Desta maneira, a incorporación de novas tarefas derivadas da loita contra o coronavirus non teñen sido acompañadas de máis medios humanos e materiais.

O Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feixóo ten ignorado de maneira reiterada as denuncias e reclamos do propio persoal sanitario, das organizacións sindicais, e de colectivos e plataformas sociais como SOS Sanidade Pública, que alertan desde hai moito tempo da situación límite do conxunto da rede asistencial e especialmente da Atención Primaria.

Non só iso, senón que en troca de apostar pola incorporación de máis persoal a política laboral do Sergas, baseada na temporalidade e na ultraprecariedade, está a expulsar do sistema e empurrando á emigración a profesionais como os e as médicas e enfermeiras residentes, agravando inda máis o problema.

A recente modificación da Lei Galega de Saúde, imposta sen diálogo, só persigue o recorte de dereitos e liberdades cívicas fundamentais, a través dun réxime de sancións represivas e desproporcionadas, pero sen dar resposta aos problemas reais da rede sanitaria pública galega.

Por outra parte, tal e como vén de reclamar SOS Sanidade Pública nas mobilizacións decorridas o pasado 21 de abril, os orzamentos da Xunta e a financiación que veña da Unión Europea, deben destinarse a incrementar profesionais, darlles estabilidade e evitar a precariedade, mellorar as infraestruturas da atención sanitaria, a investigación de saúde, e aumentar categorías profesionais, como psicólogas clínicas, terapeutas ocupacionais, fisioterapeutas, logopedas, etc.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Esixir da Xunta de Galiza:
 - a. Que se adopten todas as medidas necesarias, co reforzo de medios humanos e materiais que fosen precisos, para normalizar a atención sanitaria nos centros de saúde e garantir a asistencia presencial.
 - b. A posta en marcha dun plan efectivo para afrontar as listas de agarda acumuladas, que inclúa medidas reais de reforzo do persoal sanitario na rede pública en lugar de transferir inda máis recursos a través de concertos con centros privados.
 - c. Garantir o acceso universal ás vacinas fronte á Covid19, asegurar o dereito á información transparente sobre as mesmas, e reforzar os dispositivos de vacinación para a súa axilización sen reducir nin limitar a capacidade asistencial dos centros de saúde.
 - d. Incrementar os cadros de persoal e poñer fin á política laboral de precariedade e inestabilidade no Sergas.
2. Rexeitar a reforma da Lei galega de saúde, imposta sen diálogo cos profesionais, por se reducir a un recorte de liberdades públicas e non se

dotar dos mecanismos nin medios precisos para reforzar a sanidade pública galega.

3. Instar a Xunta de Galiza e o Goberno español a que os fondos económicos extraordinarios, derivados de plans de recuperación fronte á Covid, se orienten tamén ao reforzo da sanidade pública.
4. Dar traslado de todos os acordos anteriores ao Presidente da Xunta de Galiza, ao concelleiro de Sanidade e a todos os grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2021 (Rex. Nº 2907/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7.(69). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PROMOVIDA POLA ASOCIACIÓN “JUBILACIÓN ANTICIPADA SIN PENALIZAR” ASJUBI40 PARA A MODIFICACIÓN DA LEI XERAL DE SEGURIDADE SOCIAL EN MATERIA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA. REGISTRO PLENO 2853/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2021, número 2853/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PROMOVIDA POLA ASOCIACIÓN “JUBILACIÓN ANTICIPADA SIN PENALIZAR” ASJUBI40 PARA A MODIFICACIÓN DA LEI XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL EN MATERIA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA.

Aínda que a maioría das persoas Xubiladas Penalizadas proceden da época en que os requisitos para poder xubilarse co 100% de pensión era ter 54 anos e ter cotizado 35 anos, hoxe as leis recollen o seguinte:

A Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, determina, nos seus artigos 207.2 e 208.2, que toda persoa que, por causa non imputable á súa libre vontade, así como as que, por vontade propia, se xubilen anticipadamente, aplicaráselles uns coeficientes redutores na súa pensión por cada trimestre ou fracción que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación. Estes coeficientes varían do 1,875% e do 2% con menos de 38,5 anos cotizados ao 1,50% e ao 1,625% con máis de 44,5 anos cotizados, respectivamente.

Desta maneira, segundo a regulación, aplícanse reducións que chegan ata o 8% por cada ano anterior á idade legal de xubilación, chegando nalgúns casos a unha penalización do 40% da pensión. Sería razoable que, se se cotizaron xa un total de 40 anos ou máis, non se sufrira ningunha penalización ou coeficiente reductor, senón que se entenda que esta persoa xa contribuíu suficientemente ao sistema de pensións.

Por outro lado, esta penalización non finaliza cando o xubilado cumpre coa idade legal de xubilación, senón que se mantén posteriormente; unha medida que carece de lóxica. Pódense dar casos nos que persoas que cotizaran máis anos que outros, estean cobrando menos pensión polo único feito de terse xubilado antes.

A data de hoxe, na provincia de Pontevedra encóntranse unhas 10.000 persoas xubiladas afectadas por estas circunstancias. En ocasións, trátase de persoas que comezaron a traballar moi novas, algunhas incluso á idade de 14 anos e que, despois de botar case toda a súa vida traballando, prefiren rematar antes a súa vida laboral. Pero, noutras ocasións, tamén se trata de persoas que foron despedidas das súas empresas e que, despois de estar un tempo no paro e de non encontrar ningún traballo, tiveron que pedir esta xubilación anticipada de maneira, supostamente, voluntaria, co obxectivo de poder contar cuns ingresos para vivir e tendo que asumir involuntariamente esta penalización na súa pensión.

É preciso, polo tanto, que por razóns de equidade, se modifique a Lei Xeral da Seguridade Social e se solvete este agravio comparativo. Ademais, existen máis argumentos que avalan a necesidade de dar solución a esta problemática. Estes son:

1º.- O artigo 205.1. a) conxuntamente co establecido na Disposición Transitoria Séptima, establece, no ano 2017, como período de cotización necesario para ter acceso á pensión íntegra de xubilación o de 36 anos e 3 meses (tendo 65 anos).

2º.- O artigo e Disposición mencionados no apartado anterior, a partir do ano 2027, permite unha xubilación anticipada de 2 anos, sen penalización, sobre a idade ordinaria de xubilación nos casos de períodos de cotización de 38 anos e 6 meses.

3º.- O artigo 210.1, conxuntamente co establecido na Disposición Transitoria Novena do mencionado texto legal, no período 2013/2019, para o cálculo da pensión impón como tope do período de cotización o de 35 anos e 6 meses.

4º.- O artigo 210.2, do citado texto legal, bonifica con porcentaxes adicionais nos casos de acceso á pensión de xubilación a idade superior á ordinaria con períodos de contribución desde os 25 anos (un 2% adicional) ata máis dos 37 anos (un 4% adicional).

A aplicación de coeficientes redutores con penalizacións vitalicias nas xubilacións anticipadas con longas carreiras de cotización de 40 anos ou máis, respecto ás catro situacións mencionadas anteriormente, supón un agravio comparativo.

A maioría dos parlamentos autonómicos do Estado aprobaron Proposicións Non de Lei a favor da modificación da Lei Xeral de Seguridade Social para deixar de penalizar a este amplo colectivo. Igualmente, aprobáronse no seu día senllas propostas no Congreso dos Deputados e no Senado, sen que desde o Executivo se tomase en conta.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno do Estado e ás Cortes Xerais a iniciar os trámites para conseguir as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, para que os casos de acceso á xubilación anticipada por vontade da persoa interesada, nos que acredite un período de cotización efectiva de 40 anos, sexan excluídos da aplicación dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei. Aos efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará no período de presentación do servizo militar obrigatorio ou da presentación social sustitutoria, co límite máximo dun ano.

2.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno do Estado e ás Cortes Xerais a realizar as modificacións necesarias na citada Lei porque:

1. Nos casos en que se accedese á xubilación anticipada de maneira voluntaria e nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación conforme a aquilo disposto no artigo 205.1.a) da Lei, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento en que o pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

2. Que a todos aqueles xubilados anticipados, xa sexan voluntarios ou forzosos, que cotizaran polo Réxime Xeral como traballadores por conta allea, así como polo Réxime de Autónomos, con corenta ou máis anos cotizados e que no momento de promulgarse as correspondentes modificacións da Lei Xeral da Seguridade Social, teñan xa 65 anos ou máis anos de idade, deixen de se lle aplicar os referidos coeficientes redutores e se lles calcule a pensión segundo a súa base contributiva e os anos cotizados.

3. O previsto na presente proposta non se verá afectado polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación, nos mesmos termos, aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador previstas no artigo 207.

3.- Trasladar estes acordos á FEMP, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2021 (Rex. Nº 2853/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8.(70). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPLANTAR, DE FORMA INMEDIATA, NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DE VIGO AS GARDAS DE 24 HORAS, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2909/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2021, número 2909/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Mais por desgraza, nestes últimos anos de Goberno de Feijóo a Administración de Xustiza en Galicia amosa a falla de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa comunidade autónoma ten no eido dunha institución tan esencial.

Exemplos sobrados ao longo dos anos amosan o desleixo das políticas da Xunta de Galicia en materia de xustiza: precariedade laboral, xulgados colapsados, escasa modernización tecnolóxica, falla de medios e recursos, etc.

Neste contexto, a cidade de Vigo leva moitos anos demandando que se implanten as gardas de 24 horas, xa que é, xunto coa cidade de A Coruña, o único partido xudicial con máis de 8 xulgados de instrucción que carece deste sistema de gardas, que garantiza unha xustiza máis áxil e facilitaría aos cidadáns o acceso á tutela xudicial efectiva.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, *a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrucción.*

A implantación das gardas de 24 horas é unha reivindicación histórica e unánime da cidade de Vigo, compartida por todos os operadores xurídicos e acordada polas Xuntas de Xuíces e Xuízas de Instrución de Vigo.

O propio TSXG, a Fiscalía, os Letrados da Administración de Xustiza, as asociacións de xuíces, de avogados, de procuradores, organizacións sindicais se teñen pronunciado de forma reiterada a favor da medida. Agora, de xeito determinante o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial -que ven de pronunciarse positivamente o pasado 8 de abril-, tamén avalan esta petición.

O propio Alcalde de Vigo ten solicitado en reiteradas ocasións a implantación deste sistema de gardas, que contribuiría a mellorar a calidade da administración de xustiza, crear un servizo diario continuado para acudir aos xulgados en calquera momento a interpor unha denuncia, un sistema moito máis garantista para as persoas detidas e unha resposta inmediata nos casos de violencia de xénero.

Con esta medida, preténdese rematar cunha discriminación histórica e que se equipare a Vigo co resto das cidades do Estado, xa que o partido xudicial de Vigo (xunto co de A Coruña) son os únicos de toda España con 8 xulgados de instrución que carecen deste sistema de gardas de 24 horas. Este sistema permitiría facer fronte ao traballo cunha maior axilidade ao estar abertos os xulgados de garda as 24 horas, o que redundaría na mellora do servizo público de Xustiza en favor dos cidadáns e facilitaría a conciliación laboral e familiar dos traballadores.

Diante deste clamor unánime de todos os operadores xurídicos e do goberno municipal de Vigo, a Xunta de Galicia, unha vez máis, ven de negarse a cumprir con esta reivindicación histórica. Agora que non existen atrancos para a implantación da medida, agora que o TSXG, o Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Judicial avalan e informan positivamente a medida, é a Xunta de Galicia a que dí que non, unha vez máis, a esta cidade.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas, dotando aos ditos xulgados dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, rematando con esta discriminación histórica con respecto ao resto de partidos xudiciais de similares características do Estado, que xa teñen implantado este sistema."

Incidencia. Ausentase o Sr. Pardo Espiñeira e Preside a terceira tenente de alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2021 (Rex. Nº 2909/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9.(71). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DO APARCADOIRO DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO E A CESIÓN AO CONCELLO DA PARCELA 5 DO COMPLEXO HOSPITALARIO PARA A CONSTRUCIÓN DUN APARCADOIRO GRATUÍTO. REXISTRO PLENO 2910/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2021, número 2910/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

2. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, incluíndo a do corpo de Policía Municipal e a do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
3. Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
4. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados pola Área de Recursos Humanos e Formación, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.
5. En materia de prevención de riscos laborais, vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
6. Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
7. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.
8. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.

9. Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, asinando o proxecto que pola Unidade de Planificación e Organización se elabore.
10. Convocar a Mesa Xeral de Negociación e para a realización das sesións dos grupos de traballo que se constituísen no Concello de Vigo.
11. Outorgar o permiso especial de Alcaldía contemplado no artigo 16 do vixente Acordo regulador.
12. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.
13. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, a dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no marco das ditas relacións contractuais.
14. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.
15. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

h) En materia de Réxime Interior:

Dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.
3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incurso nos supostos

legais que corresponda.

5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.
6. Expedir as certificacións de empadramento e dos resúmenes numéricos do padrón.
7. Dirixir a xestión do rúeiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
10. Proporcionar ao Servizo de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os Concelleiros e Concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

ACORDO.

Das Resolucións a Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

16.(78). DAR CONTA DO ACORDO DA XGL, DE DATA 22.04.21, DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS DELGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102 (REXISTRO PLENO 2905/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22.04.21, transcrito a continuación.

“4.- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 19/04/2021, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Con data 16/04/2021, a Alcaldía-Presidencia ditou sendas resolucións modificando a estrutura existente das áreas de Goberno Municipal e consecuentemente as correspondentes delegacións de competencias nos concelleiros/as delegados/as de área. Estas modificacións afectaron ás áreas iniciais de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal e de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Á vista das modificacións introducidas polas anteditas Resolucións, resulta preciso axustar a delegación das competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados de competencias , polo que, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados/as de competencias nos seus apartados **IV** e **V** que quedarán redactados do seguinte xeito:

IV.- NA CONCELELERÍA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRESA E SEGURIDADE.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado,

correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.

3. Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
 - a. Reserva de estacionamento e paradas
 - b. Reservas especiais para persoas con discapacidade
5. Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
6. Exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, coa colaboración da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais

que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.

8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á XMU.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de

traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.

4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requerimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.
5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

Segundo.- Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

ACORDO.

Do Acordo da XGL a Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

Mocións de control.

17.(79) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A ELABORAR UNHA ESTRATEXIA CULTURAL

2021-2023 CO OBXECTIVO DE DOTAR A VIGO DUNHA AMPLA E ACCESIBLE OFERTA CULTURAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2908/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2021, número 2908/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea colocou a Vigo no posto 33 de 35 en investimento cultural, nun ránking entre cidades españolas de poboacións similares. No ano 2011, Vigo ocupaba o posto 17, polo que o declive nos últimos dez anos, é evidente.

Dende o grupo municipal do Partido Popular comprobamos que a decadencia comeza cando Abel Caballero comeza a gobernar en solitario e intensifícase cando acada a maioría absoluta.

Dende ese momento comezan a desaparecer eventos relevantes na cidade, como o ciclo Are More de música clásica, o encontro de galeristas, Puro Arte, o Festival Imaxinasons, de jazz, o Festival de Teatro, ALT, o Festival de música, Vigo Transforma, e outros eventos deportivos e sociais, cos que esta cidade estaba en pleno apoxeo ao longo de todo o ano.

Eran eventos de relevancia internacional, que nos colocaban no panorama cultural ao mais alto nivel, que ofrecían cultura para todos os públicos e, sobre todo, permitían que o tecido artístico e cultural de Vigo puidese traballar na súa cidade.

Nos últimos anos a política cultural da cidade redúcese a un traballo de oficina, sen estratexia, sen proxecto e con moitas carencias pola falta de sensibilidade e vontade por parte do alcalde.

É preciso cambiar radicalmente ou crear, porque non existe, unha política cultural na cidade. Ter unha estratexia. Os gobernos locais Unhas cidades xa desenvolveron un plan estratéxico da cultura baseado como Barcelona, Zaragoza, Burgos ou Vitoria sempre presentes esas experiencias. A Axenda 21 da cultura aprobada e implantada por moitas cidades en todo o Mundo, pode ser un bo punto de partida para elo e ter unha folla de ruta a medio prazo.

De manara máis inmediata, Actualmente, nun contexto condicionado pola pandemia da COVID19, nun momento no que as industrias culturais e os artistas pasan un momento moi complicado, toca pensar neles para encher a cidade de actividades, dese modo darase actividade e traballo ao sector cultural e cúbrese a oferta cultural e de lecer dos vigueses.

Urxe planificar unha tempada de accións culturais ao aire libre, para que a cidade recupere o pulso e as accións mais rompedoras e vangardistas que sempre a caracterizaron.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a Adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar ao goberno local elaborar unha estratexia cultura 2021, 2023 co obxectivo de dotar a Vigo dunha ampla e accesible oferta cultural recuperando iniciativas de éxito e propoñendo outras novas que permita a continuidade creativa, a creación de emprego e posicionar á cidade como destino cultural.

2º.- Desenvolver de maneira inmediata unha planificación cultural na cidade de maio a novembro que inclúa as seguintes actividades: - Cine ao aire libre, - Concertos de grupos locais por barrios e zonas céntricas da cidade, Teatro ao aire libre, Certame de pintura e fotografía ao aire libre, Concertos da Orquestra Clásica e a 430 nos parques da cidade ou exhibicións e concursos de baile urbano.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.04.2021 (Rex. Nº 2908/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

18.(80). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, instando á nova concelleira delegada da Área de Persoal, Sr. Rodríguez Calviño, a convocar de maneira urxente unha reunión co Comité de Persoal do Concello de Vigo para atender as súas reivindicacións, e a respectar os dereitos sindicais do persoal municipal.

19.(81). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, para que digan se o grupo municipal Socialista considera medido o informe e a decisión de non autorizar hoxe unha asemblea de traballadores e traballadoras solicitada polo Comité.

20.(82). Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, a que se respecten os dereitos dos empregados e das empregada públicos do Concello e dos seus representantes.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

21.(83). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, se o Sr. Alcalde vai votar a favor ou en contra da proposta de incoación do expediente de extinción da concesión administrativa outorgada en 2009, en favor de FACTORIAS VULCANO que se inclúe na orde do día do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo convocado para este venres.

22.(84). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, referente a cal foi o motivo da negligencia no proceso de contratación do servizo de dinamización infantil, as ludotecas, que provocou chegar tarde á data e provocar un ERTE no persoal.

23.(85). Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente a en que departamento traballa o exalcalde pedáneo socialista de Bembrive, Sr. Ballesteros e que actividade realiza e realizou no último ano.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Abril
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 28 de Abril de 2021 09:08:38
Fecha Fin : Miércoles, 28 de Abril de 2021 13:00:00
Duración : 03:51:22

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3067

- Media

[1] Windows Media Video 1280x720, 2.9 GiB (Video)

SHA512 -
0013a515feb15c2ee10c0cb3885b1200ee76eeab4ef1938779e700b18b8b99ce4194bed
415dded14e4a24d80570867dea779f18bcb779559dd4e4c921a02f338

- Minutaje

- 00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana; Rodríguez Calviño, Patricia; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aneiros Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia; Gómez Díaz, Gorka; Aguiar Castro, Yolanda; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María.
- 00:00:52 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:26 : **1. Actas anteriores:** ordinaria do 31 de marzo de 2021.
- 00:02:04 : **2. Declaración institucional 8 de abril 2021, Día Internacional do Pobo Xitano, procedendo a súa lectura D^a Ana León Borja. Rexistro Pleno2880/1101.**
- 00:02:06 - Aguiar Castro, Yolanda
- 00:05:48 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:05:57 : **3. Aprobación definitiva da Ordenanza Municipal Reguladora do uso e desfrute dos areas do termo municipal de Vigo. Expte. 14674/306(Rexistro Pleno 2899/1101)**
- 00:06:08 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
- 00:11:18 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:11:25 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:13:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:14:11 - Pérez Correa, Rubén
- 00:19:16 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:19:46 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco
- 00:24:54 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:24:59 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
- 00:27:38 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:27:56 - Votación [9:36:37]
- 00:28:23 : **4. Aprobación inicial do Instrumento de Ordenación Provisional no ámbito do Polígono 32 do PERI IV-04 Calvario. Expte.17165/411 (Rexistro Pleno 2900/1101).**
- 00:28:33 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:28:43 - Caride Estévez, María José
- 00:32:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:32:58 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:34:59 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:35:02 - Pérez Correa, Rubén
- 00:39:47 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:39:51 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:44:59 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:45:06 - Caride Estévez, María José
- 00:48:13 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:50:44 - Votación [9:57:36]
- 00:51:13 : **5. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 1º trimestre do ano 2021. Expte.24258/541 (Rexistro Pleno2896/1101)**
- 00:51:34 - Aneiros Pereira, Jaime

00:56:30 - Caballero Álvarez, Abel
 00:56:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:58:36 - Caballero Álvarez, Abel
 00:58:39 - Pérez Correa, Rubén
 01:03:50 - Caballero Álvarez, Abel
 01:03:55 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:08:49 - Caballero Álvarez, Abel
 01:08:54 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:09:19 - Caballero Álvarez, Abel
 01:09:25 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:11:05 - Caballero Álvarez, Abel
 01:11:15 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:11:59 - Caballero Álvarez, Abel
 01:12:10 - Minuto silencio [10:20:45]
 01:13:19 - Caballero Álvarez, Abel

01:13:29 : **6. Moción do concelleiro membro non adscrito, pola recuperación dosistema sanitario público. Rexistro Pleno 2907/1101**

01:13:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:15:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:15:55 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:20:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:20:56 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:26:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:26:14 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:31:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:31:24 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:32:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:33:07 - Votación [10:41:51]

01:33:26 : **7. Moción do grupo municipal Mixto, promovida pola Asociación?Jubilación anticipada sin penalizar? ASJUBI40 para a modificación daLei Xeral de Seguridade Social en materia de xubilación anticipada.Registro Pleno 2853/1101.**

01:33:45 - Pérez Correa, Rubén
 01:38:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:38:57 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:41:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:41:22 - Lopez Roman, Patricia
 01:45:41 - López Font, Carlos
 01:50:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:50:55 - Pérez Correa, Rubén
 01:54:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:54:21 - Votación [11:02:51]

01:54:33 : **8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia aimplantar, de forma inmediata, nos xulgados de instrución de Vigo asgardas de 24 horas, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno2909/1101.**

01:54:52 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:01:17 - Espinosa Mangana, Elena
 02:01:22 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:03:30 - Espinosa Mangana, Elena
 02:03:36 - Pérez Correa, Rubén
 02:07:58 - Espinosa Mangana, Elena
 02:08:04 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:13:07 - Espinosa Mangana, Elena
 02:13:10 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:16:22 - Espinosa Mangana, Elena

- 02:16:35 - Votación [11:25:09]
- 02:16:58 : **9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia adecretar a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro e acesión ao Concello da Parcela 5 do complexo hospitalario para a construción dun aparcadoiro gratuito. Rexistro Pleno 2910/1101.**
- 02:17:17 - López Font, Carlos
- 02:22:30 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:22:34 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:24:41 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:24:45 - Méndez Fuentes, Oriana
- 02:29:40 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:29:48 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:34:53 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:35:01 - López Font, Carlos
- 02:38:17 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:38:27 - López Font, Carlos
- 02:38:31 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:38:59 - Votación [11:47:21]
- 02:39:22 : **10. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia axestionar, de xeito coordinado coa cidade de Vigo, os Fondos Europeos que perciba a través do Goberno do Estado e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2911/1101.**
- 02:39:39 - Aneiros Pereira, Jaime
- 02:44:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:44:56 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:47:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:47:12 - Pérez Correa, Rubén
- 02:52:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:52:26 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:57:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:57:17 - Aneiros Pereira, Jaime
- 03:00:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:00:32 - Aneiros Pereira, Jaime
- 03:00:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:00:53 - Votación [12:09:17]
- 03:01:13 : **11. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Autoridade Portuaria a situar como obxectivo prioritario do DEUP e do Plan Especial do Porto a transformación do fronte de Beiramar para conquistar a integración do Porto e a cidade, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2912/1101.**
- 03:01:36 - Caride Estévez, María José
- 03:06:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:06:51 - Pérez Iglesias, Xabier
- 03:09:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:09:15 - Pérez Correa, Rubén
- 03:14:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:14:29 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 03:19:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:19:48 - Caride Estévez, María José
- 03:20:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:20:27 - Caride Estévez, María José
- 03:21:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:21:23 - Caride Estévez, María José
- 03:23:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:23:09 - Caride Estévez, María José

- 03:23:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:23:45 - Caride Estévez, María José
03:23:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:24:11 - Votación [12:32:36]
- 03:24:43 : **12. Dar conta de Resolucións da Alcaldía do 18.03 ao 18.04.21. Expte.1010/1102 (Rexistro Pleno 2897/1101).**
- 03:24:58 : **13. Dar conta de Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as do 18.03 ao 18.04.21. Expte. 1011/1102 (Rexistro Pleno 2898/1101).**
- 03:25:05 : **14. Dar conta do acordo da XGL, de data 25.03.21, referente á modificación do nomeamento de representantes da Corporación na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Expte.979/1102 (Rexistro Pleno 2903/1101)**
- 03:25:24 : **15. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, de data 16.04.21, de modificación da estrutura das Áreas de Goberno e de modificación das delegacións de competencias nos concelleiros/as delegados/as de Área. Expte. 598/1101 (Rexistro Pleno 2904/1101).**
- 03:25:40 : **16. Dar conta do acordo da XGL, de data 22.04.21, de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delgados de Área e nos demais delegados de competencias. Expte. 601/1101 (Rexistro Pleno 2905/1101).**
- 03:25:59 : **17. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno local a elaborar unha estratexia cultural 2021-2023 co obxectivo de dotar a Vigo dunha ampla e accesible oferta cultural e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2908/1101.**
- 03:26:21 - Egerique Mosquera, Teresa
03:31:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:31:42 - Pérez Iglesias, Xabier
03:33:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:33:58 - Méndez Fuentes, Oriana
03:38:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:38:33 - Losada Alvarez, Abel Fermín
03:43:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:44:07 - Egerique Mosquera, Teresa
03:47:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:47:33 - Votación [12:56:06]
- 03:48:00 : **18. Formulación de rogos.**
03:48:06 - Pérez Iglesias, Xabier
03:48:28 - Pérez Correa, Rubén
03:48:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:48:49 - Marnotes González, Jose Alfonso
03:49:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:49:33 : **19. Formulación de preguntas.**
03:49:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:49:39 - Pérez Iglesias, Xabier
03:49:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:50:14 - Méndez Fuentes, Oriana
03:50:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:50:35 - Marnotes González, Jose Alfonso
03:50:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:50:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e cincuenta e oito minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 2/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez
Javier Pardo Espiñeira
Elena Espinosa Mangana

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda